O Servizo de Atención ao Fogar (SAF) é un dos piares que sustenta o noso Sistema de Atención á Dependencia, sobre todo a partir da aprobación en 2006 da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia. Trátase, polo tanto, dun servizo público de carácter esencial cuxa finalidade é garantir a igualdade no dereito subxectivo de cidadanía mediante a promoción da autonomía persoal das persoas en situación de Dependencia.

O persoal do SAF, un sector maioritariamente feminizado, compóñeno persoas con especialización que proporcionan unha serie de atencións no seu domicilio a persoas con dificultades para o seu desenvolvemento habitual (fundamentalmente persoas maiores pero tamén persoas con diversos graos de dependencia) e de apoio nas actividades básicas da vida diaria, permitindo deste xeito a autonomía das persoas e facilitando a permanencia nos seus fogares.

Estamos falando dun servizo fundamental para a dignidade das persoas en situación de vulnerabilidade no que, como coa maioría de tarefas relacionadas cos coidados, as condicións de traballo están precarizadas e non se corresponden co valor





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

real que este servizo supón para a sociedade. Que este servizo se desenvolva dentro do entorno doméstico contribúe á invisibilidade das traballadoras e traballadores do mesmo e inflúe nunhas maiores condicións de precariedade, algo que se estende ás cuidadoras familiares que o realizan ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Se ben a crise da COVID puxo en evidencia o valor dos coidados e amosounos a fragilidade do sistema actual, introducindo o debate sobre a necesidade de fortalecelo, o transcurso do tempo segue a revelar situacións derivadas da falta de perspectiva e compromiso para abordar a situación. No caso das traballadoras do SAF, a Plataforma SAF Galicia ten convocado diversas mobilizacións coa finalidade de denunciar a precariedade laboral que padecen as traballadoras deste servizo e tamén para darlle visibilidade ás súas demandas.

A regulación laboral do Servizo de Atención no Fogar en Galicia, establécese no convenio suscrito con data do 3 de novembro de 2009 e publicado no DOG en febreiro de 2010 (existe un convenio marco estatal posterior pero sen melloras sensibles nas condicións do mesmo). Dito convenio, xa caducado, cunha vixencia de dous anos (ata o 31 de decembro de 2011) establece as condicións de traballo de todas as empresas do sector independentemente da fórmula xurídica. No seu articulado figuran os parámetros relativos á cuestións como a xornada de traballo, emprego e estrutura retributiva. Por exemplo, atendendo ao seu artigo 44 “Incremento de retribucións” sinala:

“Durante a vixencia do presente convenio incrementaranse anualmente os conceptos reflexados nas táboas salariais, a excepción do plus de antigüidade, domingos e festivos e plus de dispoñibilidade, nas seguintes porcentaxes:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o exercicio 2009, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2008 máis 1,3 puntos.

Para o exercicio 2010, o aumento será del IPC real correspondente ao exercicio 2009 máis 2 puntos.

Para o exercicio 2011, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2010 máis 2 puntos.

En calquera caso, a comisión paritaria determinará os criterios de aplicación nos supostos no que o IPC non fose positivo”.

Sen embargo, dado que as condicións do convenio colectivo autonómico non se revisan dende o ano 2009 (a pesar do seu vencemento en 2011) a evolución salarial faise en criterio á subida do IPC, o que provoca que as condicións salariais estean desfasadas. Un dato ilustrativo é que as traballadoras do SAF tiñan fai uns anos un salario bastante superior ao SMI. Sen embargo, as diferentes subidas do SMI e a falta de actualización das condicións do persoal auxiliar do SAF provocan que na actualidade ditas condicións estean moi próximas ao SMI (nalgúns casos incluso por debaixo do SMI ao ter que traballar por “peonadas” polas que ingresan entre 5 e 6 euros netos por hora), a pesar de tratarse dunha labor que require dun grao de especialización.

Asemade, a estrutura salarial que estipula o convenio inclúe outros factores como Plus de Antigüidade, Plus de Domingos e Festivos, Horas Extraordinarias ou Complemento de Distancia. Sen embargo, existen serias dúbidas de que estes criterios se estean a aplicar de maneira efectiva segundo o estipulado no mesmo.

As traballadoras do SAF levan tempo denunciando esta situación: salarios baixos e desfasados, contratos parciais e temporais que se poderían encadrar en fraude



de lei e pésimas condicións e dereitos no relativo a cuestións como as baixas por enfermidade laboral ou as condicións precisas para a xubilación de ditas traballadoras (a idade mínima que se esixe é de 67 anos).

Recentemente, foi denunciada a discriminación das traballadoras do SAF ao non incluílas, xunto ao persoal sanitario, para que lles sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID, cando este colectivo é o segundo máis afectado despois do sanitario.

Cabe insistir en que o SAF é un servizo municipal que se xestiona de maneira indirecta en moitos casos, polo tanto, o Concello debe velar pola calidade do servizo que se presta ás usuarias, pero tamén traballar para que se garanta que o persoal laboral do SAF, en concreto as auxiliares, preste dito servizo en condicións de traballo dignas como corresponde cunha actividade esencial da que depende o benestar das nosas persoas maiores e dependentes en situación de especial vulnerabilidade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Como valora a Xunta de Galiza as condicións laborais das traballadoras do SAF en Galiza?

. Vai adoptar algunha medida para mellorar as condicións de traballo do persoal do SAF en tanto que peza chave do modelo de coidados?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2022 10:46:07

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2022 10:46:18

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2022 10:46:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopan as traballadoras e traballadores da empresa de vixianza Mersant Vigilancia S.L.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da situación na que se atopa o cadro de persoal da empresa Mersant Vigilancia S.L coa que a Consellaría de Política Social ten centralizados contratos en diferentes servizos.

Segundo puido saber o noso grupo a empresa adebeda varios meses de salarios ao seu persoal sendo constantes as demoras nos cobros. De feito, na actualidade o retraso sitúase xa en dous meses así como tampouco lles foron aboadas as pagas extraordinarias do mes de decembro.

O persoal de Mersant puxo en coñecemento da administración pública esta situación a través de senllos correos electrónicos remitidos ao Tribunal Administrativo de contratación pública de Galiza e á Consellaría de Política Social. Ademais, constan numerosas denuncias interpostas perante a Inspección de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a información recompilada polas traballadoras e traballadores esta empresa adebeda máis dun millón de euros á facenda pública así como unha contía semellante á Seguridade Social.

A situación denunciada a respecto da vulneración dos dereitos salariais do persoal por parte de Mersant non é nova. A mesma compañía tamén incorreu en impagos a traballadoras e traballadores de servizos adxudicados no Hospital de Verín e Valdeorras, como denunciou o persoal e trasladou o G.P. do BNG á Cámara en diversas iniciativas.

Cómpre sinalar que ao tratarse dun servizo privatizado que se sufraga con recursos públicos mediante a figura da adxudicación, a parte contratante, a Xunta de Galiza, non pode inhibirse da situación como se fose un compromiso entre traballador/a e empregador/a por dous motivos. Por unha banda, trátase dun servizo sostido pola administración pública, cuxa praxe laboral debe ser exemplar. Por outra banda, a situación do servizo repercute nun servizo público.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza da situación na que se atopa o persoal de Mersant Vigilancia S.L nos servizos que ten adxudicados na Consellaría de Política Social?

- Fixo ou pensa facer algo a Xunta de Galiza ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Adoptou ou pensa adoptar algunha medida o Goberno galego para que empresas coma esta que, de maneira reiterada, vulneran os dereitos laborais e salariais do seu persoal non poidan optar a contratos públicos?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2022 11:31:31

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2022 11:31:35

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2022 11:31:49





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de decembro, no marco da V edición do congreso internacional GOinterHUB (Galician Offshore International Hub), celebrado en Ferrol, o vicepresidente da Xunta de Galiza e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, manifestou que “a Xunta agarda que se teñan en conta as propostas consensuadas co sector marítimo-pesqueiro galego para atopar as localizacións máis adecuadas para o desenvolvemento desta enerxía”, referíndose á eólica mariña, “xa que nacen dun frutífero diálogo da Administración co sector marítimo-pesqueiro”.

Na mesma intervención tamén fixo un chamamento “á total transparencia para asegurar o seu desenvolvemento con respecto, equilibrio e compatibilidade coas actividades pesqueiras e a preservación do ecosistema mariño”.

Ao día seguinte desas declaracións, transcenderon outras moi distintas, precisamente do sector marítimo pesqueiro, nomeadamente do representante do Consello Galego de Pesca no Observatorio da Eólica Mariña de Galiza, quen, rotundamente, negou que houbera “ningún acordo ... nin sequera existe un preacordo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sobre posíbeis zonas ... o que di o sector é que non é compatíbel (a eólica mariña) nin coa pesca nin cos ecosistemas mariños”.

Descoñecendo o por que das afirmacións do vicepresidente, de non seren certas, poderían considerarse un intento de manipulación pola súa banda sobre o tratado ata o de agora co sector pesqueiro no relativo á eólica mariña, trasladando como conxunta unha valoración exclusivamente de parte e desvirtuando mesmo o obxectivo do Observatorio da Eólica Mariña de Galiza.

A constitución do Observatorio da Eólica Mariña de Galiza levouse a cabo o pasado ano, após de ser aprobado no Parlamento polos Grupos Popular e Socialista e mantivo ata o de agora varias reunións.

Segundo acordaran os dous Grupos, facíase “para o diálogo e o coñecemento tanto das achegas propias como de outras entidades nacionais, europeas e internacionais” e “o seu obxectivo sería promover a realización de estudos ambientais e socioeconómicos específicos para Galiza, que analicen as oportunidades e impacto que podería orixinar a implantación de parques eólicos offshore nas costas galegas”.

Por unha banda, e a xulgar polas contraditorias declaracións do conselleiro e do propio sector, non parece que “o diálogo” estea a ser tan “frutífero” como a Xunta di, cando ela mesma fala de “propostas consensuadas” que non existen e de “atopar localizacións máis adecuadas para o desenvolvemento da eólica mariña”, e o sector, pola contra, da incompatibilidade entre a pesca e os ecosistemas mariños coa implantación da mesma.

Por outra, o obxectivo do Observatorio de “promover estudos ambientais e socioeconómicos que analicen as oportunidades e o impacto que podería orixinar a implantación da eólica mariña nas costas galegas” non tivo aínda ningún resultado,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cando menos que se coñeza publicamente. Uns estudos que si sería necesario realizar canto antes, xa que nestes momentos hai varios proxectos enriba da mesa dos que se descoñece cal vai ser o seu impacto, máis alá do analizado polo propio sector pesqueiro.

Así mesmo, o presidente da Xunta asinou o pasado 25 de xuño, xunto cos seus homólogos de Asturias e Cantabria, un acordo de colaboración “que permita impulsar a enerxía eólica mariña” sen aínda haber ningún consenso co sector que estaría máis afectado por esa implantación, o sector pesqueiro. Un documento, ademais, que malia ser solicitado por este Grupo ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, aínda non se nos facilitou a día de hoxe.

Polo tanto, semella que a Xunta está a dar pasos, non só con total falla de transparencia, senón cun dobre discurso -o da defensa do sector pesqueiro e o do total apoio á implantación de parques eólicos mariños nas costas galegas- que vai moito máis alá do xa aprobado no Parlamento no pasado mes de maio e que recollía o acordo de “avalíar o asentamento de parques no contorno mariño contiguo garantindo que non se cause dano ás actividades pesqueiras e a preservación do ecosistema mariño”.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Considera a Xunta de Galiza que a implantación de parques eólicos mariños nas costas galegas é compatíbel cos seus ecosistemas mariños, cos caladoiros pesqueiros existentes e cos intereses do sector pesqueiro galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Levou, ou vai levar a cabo, algún estudo de carácter ambiental que avalíe a afectación desa implantación nas costas galegas? De telo feito, cales son as conclusións do mesmo?

. Levou, ou vai levar a cabo, algún estudo de carácter socioeconómico que avalíe a afectación sobre o noso sector pesqueiro da posíbel implantación de parques eólicos mariños nas costas galegas? De telo feito, cales son as conclusións do mesmo?

. Existen a día de hoxe “propostas consensuadas co sector marítimo-pesqueiro galego para atopar as localizacións máis adecuadas para o desenvolvemento da enerxía eólica mariña”? De non existiren, a que obedece que o vicepresidente da Xunta afirmase o contrario? De existiren, en que consisten?

. En que consiste o acordo asinado polo presidente da Xunta de Galiza e os presidentes de Asturias e Cantabria para impulsar a enerxía eólica mariña? Vai trasladar o documento aos Grupos Parlamentarios que o temos solicitado?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 03/02/2022 11:43:58

Noa Presas Bergantiños na data 03/02/2022 11:44:02

María do Carme González Iglesias na data 03/02/2022 11:44:17

Daniel Castro García na data 03/02/2022 11:44:25

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2022 11:44:34



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

As veciñas e veciños do populoso barrio de Navia, a comunidade educativa, FOAMPAS, sindicatos e o Concello de Vigo veñen demandando dende hai anos a posta en marcha do novo instituto neste barrio así como a elaboración da nova zonificación escolar que dea resposta ás numerosas familias, nenas e nenos e mocidade da zona. A asignación de alumnas e alumnos aos distintos centros de ensinanza debería priorizar a proximidade, ter en conta onde viven e a súa proximidade aos colexios e institutos á hora de asignalos. Pero nestes anos e na actualidade, as alumnas e alumnos do barrio e do CEIP Castelao permanecen adscritos para cursar a ESO ou Bacharelato a case dez quilómetros de distancia.

Tanto a delegada da Xunta en Vigo como o propio presidente da Xunta de Galicia teñen anunciado en visitas ao barrio vigués o pasado ano 2021 o inicio do proxecto e un orzamento comprometido de 8 millóns de euros. Unha cifra que non está contemplada nos orzamentos aprobados para este ano e que na partida reservada para esta infraestrutura volven a amosar o nulo compromiso por dar cumprimento a esta xusta demanda. O Concello ten comprometida a cesión dunha parcela para esta fin á espera de que o goberno da Xunta destine os recursos económicos necesarios para que o proxecto poida ver a luz.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que orzamento ten previsto dedicar e que prazos manexa a Xunta de Galicia para cumprir coa construción do novo instituto de Navia?
2. Que ten feito o goberno da Xunta de Galicia para dar cumprimento a demanda do instituto do barrio de Navia?
3. Ten pensado a Consellería realizar a nova e agardada zonificación para arranxar os problemas que veñen padecendo veciñas e veciños de Navia?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro do 2022





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 03/02/2022 11:37:11

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/02/2022 11:37:18

Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2022 11:37:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Monforte de Lemos atópase o embarcadoiro de Doade. Doade é unha parroquia intermunicipal que pertence aos concellos de Monforte e de Sober. No concreto, o embarcadoiro está na parroquia de Doade, termo municipal de Monforte de Lemos.

Se tomamos a división municipal como referencia observamos como parte da parroquia de Doade pertence a Monforte, en concreto os núcleos dos Palleiros, O Colado e San Pedro de Baños e (sen habitantes) .

Dende a Presidencia do goberno da Deputación de Lugo cámbiase o nome do lugar onde se encontra o embarcadoiro e de onde saen os catamaráns da deputación de Lugo operados por Tragsa, creando un novo topónimo para un lugar que xa estaba nomeado dende tempos inmemoriais, polo que se considera un topónimo asentado. Para maior complicación o “novo topónimo” coincide con outro xa existente e asentado na propia Ribeira Sacra (marca turística e xeodestino). Ponte do Sil é un lugar do termo municipal de Quiroga (véxase o nomenclátor de Galicia).

A normativa en vigor na comunidade galega conduce a determinar que corresponde á Xunta de Galiza fixar os topónimos oficiais dos municipios, non sendo en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningún caso competencia para determinar os topónimos dos concellos ou deputacións correspondentes.

As procuras toponímicas realizadas por internet conducen en moitas ocasións ao concello de Quiroga ocasionando graves problemas ás persoas que se achegan á Ribeira Sacra para desfrutar dun paseo en catamarán por unha paisaxe natural e patrimonial única.

En todo caso, non ten lóxica cambiar un nome a un embarcadoiro, que tradicionalmente se chama como o lugar onde se encontra, por un nome que causa confusión polo número de "Ponte do Sil" que hai entre o Barco de Valdeorras e Os Peares e que está enclavada na coñecida como Ribeira de Doade tanto na parte monfortina como na de Sober, e menos cando traballamos baixo o mesmo xeodestino.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Ten coñecemento a Xunta de que foi cambiado o Topónimo de Doade por Ponte do Sil?

A toponimia é patrimonio un patrimonio inmaterial que demostra a humanización do territorio, é polo tanto incongruente consentir que se deturpe, ou que calquera administración poida impoñelo segundo o seu criterio e logo pretendamos que se recoñeza a Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, son conscientes disto?

Pensa a Xunta facer valer as súas competencias sobre a toponimia do lugar de Doade de xeito que ás persoas ou grupos que fan a busca poidan garantir unha chegada directa e sen confusións á zona do embarcadoiro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como pensa a Xunta facer valer as súas competencias normativas sobre os topónimos cando se modifican de xeito arbitrario?

Van vostedes dende o goberno tomar a responsabilidade sobre as súas competencias para que as arbitrariedades toponímicas no creen tanta confusión nas persoas turistas que cheguen a prexudicar a economía da zona?

Pensa a Xunta de Galiza que ten xustificación chamarlle a un embarcadoiro Ponte do Sil cando sempre se chamou "de Doade" porque está na parroquia de Doade e na Ribeira de Doade?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 03/02/2022 12:49:34

Mercedes Queixas Zas na data 03/02/2022 12:49:38



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A crise do coronavirus está provocando unha caída económica do PIB sen precedentes no noso país nun período de paz. No resto do mundo, en maior ou menor medida, prodúcese unha situación similar que é altamente probable que se vexa agravada pola situación sanitaria, lonxe de estar controlada na maior parte dos países.

A caída dos ingresos fiscais e o aumento dos gastos asociados ao coste dos ERTE, axudas aos autónomos, gastos extra do sistema sanitario e educativo, etc, etc, determinan unha situación financeira de extrema dificultade para todas as instancias e niveis territoriais do Estado.

A Unión Europea, consciente da envergadura do desafío, acadou recentemente acordos para facer un esforzo de solidariedade sen precedentes, enlazado cos fondos *Next Generation*, que xa antes da pandemia pretendían modernizar e dixitalizar a economía europea ao mesmo tempo que se facía unha aposta decidida pola transición ecolóxica e enerxética. O financiamento europeo ao que poida chegar a acceder España nos próximos anos -absolutamente crucial dada a difícil situación das arcas públicas- vai estar condicionada dun xeito aínda difícil de precisar pero que irá na liña de examinar a calidade e a execución dos proxectos que se pretendan impulsar con ese financiamento.

Nese contexto, é absolutamente fundamental que as administracións e o sector público en xeral sexan resilientes e eficientes no uso de recursos públicos cada vez máis escasos, o cal choca en Galicia coa ausencia dun sistema de control de xestión do gasto da Administración pública autonómica, limitándose as intervencións da Xunta a fiscalizar a regularidade administrativa (legalidade e dispoñibilidade orzamentaria) sen avaliar a eficacia e a eficiencia (é dicir, a consecución dos obxectivos, e o coste e alternativas desa consecución) como impón máis que nunca neste momento o principio básico de sometemento á obxectividade e ó interese xeral que vén establecido polo artigo 103 da Constitución.

Sen control de xestión da Administración pública, sen avaliación e medición



reais da eficacia e da eficiencia das políticas da Administración autonómica, é imposible garantir un certo nivel de resiliencia que se demostra imprescindible ante fenómenos como a pandemia que estamos vivindo ou crises máis estruturais como a asociada á emerxencia climática ou aos cambios económicos e sociais que se están a vivir no século XXI.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Pensa o Goberno galego que a Administración autonómica debe mellorar a avaliación da eficacia e da eficiencia das políticas públicas ante a situación de restrición financeira que impón a actual e grave crise económica e as perspectivas dunha lexislatura que vai estar marcada pola crise sanitaria e económica?

2ª) Pensa o Goberno galego que necesitamos unha Administración máis resiliente para reaccionar mellor ante fenómenos como a actual pandemia e os seus efectos económicos e sociais?

3ª) Cales son os mecanismos dos que dispón o Goberno galego para levar a cabo un control de xestión da Administración pública autonómica, é dicir, da eficacia e eficiencia das políticas públicas autonómicas?

4ª) Canto persoal da Administración autonómica se dedica a ese cometido e en que departamentos da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 12:08:31

Paloma Castro Rey na data 03/02/2022 12:08:46



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para o seu debate na Comisión 1ª.

No mes de febreiro deste ano a sociedade galega tivo coñecemento de que a ex conselleira de Medio Ambiente, Dna. Beatriz Mato, aproximadamente ano e medio despois de ter abandonado a Xunta de Galicia, comezou a traballar como “directora de Desarrollo Corporativo y RSC” para a empresa Greenalia.

A citada empresa depende da Consellería de Medio Ambiente para a obtención de distintos tipos de autorizacións relativas á súa actividade e relaciónase con ese departamento da Xunta no ámbito de diversos expedientes administrativos, durante e despois do paso pola consellería de Dna. Beatriz Mato.

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno determina as incompatibilidades dos altos cargos de Galicia. Así, no seu artigo 45 aborda as limitacións de actividades despois do cese do cargo, establecendo:

- 1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cese, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditaran resolución no exercicio do seu cargo.*
- 4. Durante o mencionado período de dous anos.... deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian a realizar, con carácter previo ao seu inicio.*
- 5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberá pronunciarse sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberá comunicarllo tanto á persoa afectada como á entidade na que pretenda prestar os seus servizos. Las resoluciones que reconozcan la compatibilidad con actividad privada serán publicadas en el Portal de transparencia y Gobierno abierto.*

A día de hoxe, non figura no portal de transparencia da Xunta ningunha resolución sobre a súa compatibilidade, nin hai constancia de que presentase a correspondente e preceptiva declaración previa tras o seu cese como alto cargo da Xunta.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:



1ª) Presentou a Sra. Mato a correspondente declaración ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta con carácter previo á súa “fichaxe” por Greenalia como determina a lei?

2ª) Se se presentou tal declaración, foi resolta?

3ª) Se foi resolta, foino en sentido favorable ou desfavorable e sobre a base de que argumentos?

4ª) Se foi resolta, por que aínda non foi publicada?

5ª) Se non foi presentada a declaración, considera a Xunta que a Sra. Mato ten algunha xustificación para non presentala?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 12:10:12

Paloma Castro Rey na data 03/02/2022 12:10:29



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a existencia dunhas excelentes condicións para o aproveitamento eólico no noso territorio pero tamén a un marco regulador que favoreceu ese desenvolvemento.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo chegou a falta de aposta polo sector, unida á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que se levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, que implicaron a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, unicamente foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha caída millonaria no investimento en Galicia e a perda da oportunidade de creación de moitos postos de traballo.

No ano 2019 volveu crecer en Galicia a potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores, e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica no pasado é resultado dun marco regulador moi determinado, con aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero en Galicia levouse a cabo sen a participación necesaria por parte da sociedade, unha situación que naquel momento non xerou oposición social pero co tempo está a xerar conflitividade social e medioambiental, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado recentemente e as mobilizacións que existen en moitos concellos afectados.

As comunidades afectadas denuncian a falta de transparencia na información e o deficiente asesoramento que reciben da Administración autonómica e incumpríronse cuestións relativas ao impacto ambiental, pois o 50 % desa



potencia instalada está en zonas da Rede Natura e moitos concellos denuncian a escasa distancia das vivendas da súa veciñanza na que están sendo instalados os ditos parques.

Nun momento no que o sector está a experimentar un forte relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é de máxima importancia non repetir os erros cometidos no pasado, establecendo para iso unha regulación que favoreza a implantación da enerxía eólica pero procure minimizar o impacto ambiental das instalacións.

Especial atención debe merecer o fraccionamento de parques eólicos que constitúen unha única explotación pero se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental se faga polo Estado, unha situación que se está a producir en distintos lugares da nosa comunidade, en clara vulneración da lexislación vixente.

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que, ante o forte relanzamento do sector eólico que se está a producir e o que está previsto na próxima década, se está a protexer adecuadamente o noso territorio do impacto ambiental do sector eólico, sinaladamente na Rede Natura?

2ª) Deberían mellorarse os mecanismos de información e transparencia para garantir que a implantación de parques eólicos en Galicia teña o menor impacto ambiental posible?

3ª) Cre necesario modificar a distancia dos parques eólicos respecto das vivendas da veciñanza afectada?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/02/2022 12:11:32

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 12:11:56



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O marisqueo –practicado intensamente en Galicia dende tempos inmemoriais segundo amosan os vestixios arqueolóxicos- é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade, ademais de ser unha actividade produtiva non deslocalizable, intensiva en man de obra, en boa medida feminina, e parte da cadea de valor do sector da conserva, de enorme importancia en Galicia, así como da hostalería, o cal outórgalle un carácter estratéxico, que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI e sinaladamente no ámbito da Unión Europea.

Chama a atención, considerando todo o anterior, que tanto o volume da produción marisqueira como os postos de traballo asociados a esa actividade non deixen de minguar.

Así, un estudio de investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, larvada na última década, concluindo, tras recoller datos de distintas fontes, que se deron descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo (caeu un 13 %), os desembarques e o valor de venta das distintas especies (que caeron un 16 % e un 13 %, respectivamente), así como a cifra de mariscadoras a pé, que se viu reducida á metade. Segundo o dito estudo, as causas son debidas a un cúmulo de factores e a solución a este declive pasa por inverter na recuperación das especies autóctonas e máis políticas contra a contaminación e o furtivismo.

Dentro dese declive xeral, A ría de Ferrol, onde hai non moitos anos chegaron a mariscar máis de 600 persoas, está hoxe baixo mínimos, non chegando a 70 persoas as que poden mariscar e dun xeito insuficiente para obter un mínimo de subsistencia. Nos últimos tempos, a situación deteriorouse ata tal punto que os patróns das confrarías da ría calcularon en setembro nun 90% o descenso da produción de ameixa, considerando que a propia supervivencia do marisqueo na ría está en cuestión, afectado por causas que a Xunta non é capaz de determinar, xa que se falou primeiro do parasito *Perkinsus*, pero recoñeceu logo a Xunta ós



proprios mariscadores que pode haber outras causas e que non sabe realmente o que está pasando na ría.

Así, despois de solicitar reiteradamente á Xunta de Galicia a adopción de medidas para solucionar esta situación, e de chegar a manifestarse en diversas ocasións, nunha recente reunión celebrada en Santiago, representantes das tres confrarías (Ferrol, Mugar dos e Barallobre) da ría non obtiveron ningún tipo de resposta positiva da administración galega, manifestando o patrón da confraría de Barallobre que "Nos han trasladado que si son conscientes de que hai un problema en la ría pero que no saben realmente a que es debido, que lo están intentando averiguar, pero no nos aportan una solución ni tampoco ningún recurso económico para la falta de producto que tenemos".

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que está facendo e ten previsto facer a Xunta de Galicia para solucionar o dramático descenso da produción marisqueira da ría de Ferrol?

2ª) Sabe a Xunta de Galicia cales son as causas do dramático descenso da produción marisqueira da ría de Ferrol?

3ª) Fixo a Xunta de Galicia, como Administración competente, un estudio integral da situación e das causas do declive do marisqueo na ría de Ferrol? Ten previsto facelo?

4ª) Vai a Xunta de Galicia conceder algún tipo de axuda ás persoas mariscadoras da ría de Ferrol para compensar ese declive?

5ª) Vai a Xunta poñer en práctica un plan de rexeneración integral e recuperación da actividade marisqueira nunha ría na que o marisqueo parece estar hoxe en transo de chegar á desaparición?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 12:13:18

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2022 12:13:32





Patricia Otero Rodríguez na data 03/02/2022 12:13:42



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rei, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A actual delegada da Xunta en Pontevedra, dona María Luísa Piñeiro Arcos e o presidente da Federación galega de fútbol e ex presidente da Deputación de Pontevedra, don Rafael Louzán, foron no seu momento acusados pola Fiscalía de prevaricación e fraude en relación coa remodelación dun campo de fútbol no concello de Moraña. A fiscalía pide 3 anos de prisión e 9 de inhabilitación para Louzán como autor e a mesma pena para Luisa Piñeiro, como cooperadora necesaria do primeiro delito e coautora do segundo, ademais doutras acusacións que afectan a outras persoas en relación cos mesmos feitos. A celebración do xuízo tivo lugar o venres 20 de novembro de 2020.

No escrito de acusación, o fiscal fixa o inicio das irregularidades en decembro de 2011, cando a Deputación de Pontevedra aprobou un convenio co Concello de Moraña, que tiña por obxecto remodelar o campo de fútbol deste municipio, e incluía unha achega de case un millón de euros por parte do Goberno provincial, máis 21.000 euros para a redacción do proxecto.

A actuación financiose mediante unha subvención discrecional de Louzán, entón presidente da Deputación, e foi adxudicado á empresa construtora Eiriña.

Dous anos despois, a Deputación aprobou modificar o proxecto para, segundo o fiscal, abonar uns 86.000 euros á construtora por un sobrecusto relativo a unhas obras no contratadas, a pesar de que a lei impedía exceder o importe da adxudicación.

Segundo o fiscal, ante a negativa dos técnicos da Deputación a abonar ese incremento, os acusados "idearon un sistema artificioso, en fraude de lei, tendente a abonar a la empresa Eiriña el importe que reclamaba sobre el presuposto aprobado".

A entón alcaldesa (hoxe delegada da Xunta) solicitou unha nova subvención á Deputación para executar unha serie de melloras no vestiario e as gradas do campo que, segundo o fiscal, facían referencia á execución de obras, que, polo menos parcialmente, xa foran realizadas.



A pesar de que o proceso de contratación incluíu a outras empresas -propiedade de dous dos acusados- como "mero trámite", segundo o fiscal, as obras foron adxudicadas a Eiriña mediante una partida de libre disposición do presidente da Deputación para cubrir o sobrecusto inicial, tamén segundo o fiscal.

A imputación non tivo ningunha consecuencia para a Sra. Piñeiro, que ascendeu na escala 'popular' pasando de alcaldesa de Moraña a actual delegada da Xunta en Pontevedra.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que os feitos relatados pola fiscalía non son suficientemente graves como para apartar á actual delegada da Xunta do seu cargo, non só pola posible responsabilidade penal senón tamén pola responsabilidade política que existe con independencia da primeira?

2ª) Por que mantivo, durante todo este tempo, o Goberno galego á Sra. Piñeiro como delegada a pesar da gravidade das acusacións da fiscalía?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 12:17:04

Paloma Castro Rey na data 03/02/2022 12:17:22



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados visitaron Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluíron que zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. Así, as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo ou Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente, non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que erosiona a credibilidade do país, resta recursos que se poderían dedicar á mellora da calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa nefasta xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais. E a cuestión está en que o Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións.

E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu. Ante esta situación o Goberno do Estado está ultimando o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (2/3 desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e 1/3 ao Estado e aos concellos).

A situación en Galicia é especialmente preocupante dado que, 20 anos despois da aprobación da directiva Marco do Auga, a situación de contaminación das rías galegas (onde rematan non só os vertidos orixinados nas propias rías senón tamén os procedentes dos ríos que nelas desembocan) é altamente preocupante, igual que



a dos propios ríos, atopándonos en conxunto moi lonxe de acadar os obxectivos fixados pola UE.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Realizará a Xunta de Galiza, en coordinación cos representantes dos traballadores, as xestións necesarias para lograr unha solución urxente que asegure a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego na planta de Alu Ibérica da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Axilizará o goberno galego a adopción de medidas que favorezan que a factoría estea nas mellores condicións para manter a súa capacidade produtiva e evitar a destrución de emprego e, en particular, articular unha solución que asegure o subministro eléctrico necesario para reactivar a electrólise a un prezo competitivo?

3. Estudará a Xunta de Galiza todas as alternativas posíbeis para asegurar a pervivencia da planta de Alu Ibérica da Coruña, incluída, se for preciso, a súa incorporación ao sector público, por pertencer a un sector industrial estratéxico?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 03/02/2022 12:42:57

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/02/2022 12:43:02

María do Carme González Iglesias na data 03/02/2022 12:43:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 03/02/2022 12:43:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández e Daniel Pérez López, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa SAERCO (Servicios Aeronáuticos de Control e Navegación), concesionaria de Licenzas de Proveedores de Servizos de Torres de Control Liberalizadas do Lote 2, está a modificar de forma unilateral as condicións laborais e salariais dos traballadores.

O contrato coa anterior concesionaria do servizo establecía unha retribución variable en función de obxectivos persoais e colectivos que a nova concesionaria tivo que manter. Mais na práctica a empresa está intentando minimizar os bonus mediante a imposición dun novo criterio que fixa os obxectivos en base a un parámetro financeiro: o EBITDA. A empresa fixou o valor de referencia para poder obter o 100% do bonus no EBITDA obtido no ano 2019, un ano con récord de tráfico nos aeroportos e previo á pandemia. De forma que a empresa en lugar de fixar o obxectivo atendendo á situación de excepcionalidade que viven os aeroportos, está a fixar uns obxectivos claramente inalcanzables, de forma que fai recaer sobre os salarios dos traballadores os efectos provocados pola pandemia.

Por outra parte, a empresa concesionaria ten denunciado o convenio de centro na que se fixaban unha serie de melloras sobre o convenio colectivo. O convenio de centro





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foi acordado coa anterior concesionaria e tiña como vixencia até o 31 de decembro de 2021, e establecía que se dito convenio era denunciado se prorrogaría de forma automática durante 3 anos para permitir alcanzar un novo acordo de centro. Pois ben, a empresa logo de denunciar dito convenio notificou que non habería prórroga e que este se extinguía e deixaba de ter efecto.

Os traballadores e traballadoras interpuxeron demanda fronte as reiteradas ilegalidades que vén cometendo a empresa. Fronte a isto a empresa está actuando con coaccións, mediante a ameaza de apertura de expedientes e abrindo procesos informativos nos que se interroga aos traballadores. Dende a Unión Sindical de Controladores Aéreos denuncian tamén o despido fulminante e improcedente dunha traballadora como medida de persecución aos traballadores e traballadoras que se mobilizan na defensa dos seus dereitos e como medida para efectuar unha renovación da plantilla que lle permita abaratar os custes salariais. De feito a diferenza salarial entre os traballadores e traballadoras con máis antigüidade e os que contan con menos supón unha diferenza dun 65% máis de salario para o primeiro. Os traballadores denuncian que a empresa ten como obxectivo reducir costes, tras facerse cunha concesión de nove torres cunha oferta estimada excesivamente baixa, na que non se valoraron suficientemente as condicións salariais que por convenio teñen garantidas as traballadoras, e que agora a empresa está tratando de eliminar complementos do soldo, de eliminar unilateralmente o convenio de centro e con despedimentos na actual plantilla para reempresala por novo persoal.

A Xunta, en canto que autoridade laboral competente debería preocuparse por garantir o respecto máis escrupuloso da normativa laboral, e en xeral, en canto que goberno galego debería ser proactiva na protección e mellora das condicións laborais e salariais de todos os galegos e galegas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Coñece a Xunta de Galiza cantas persoas traballan para a actual concesionaria no noso país?

. Ten coñecemento da situación de conflito existente neste sector? Mantivo algún contacto coas partes ou co goberno do estado? Ten pensado interesarse pola situación?

. Coñece a Xunta de Galiza o impacto económico das medidas que a empresa está aplicar unilateralmente?

. Que opina a Xunta de Galiza de que as empresas compitan entre elas a conta de reducir os salarios do persoal para conseguir contratos ou concesións públicas?

. Considera a Xunta de Galiza a empresa concesionaria pode ter incorrido en algún tipo de falta que a inhabilite para realizar contratos coas administracións e outras entidades públicas?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 03/02/2022 15:55:35

Daniel Pérez López na data 03/02/2022 15:55:39

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2022 15:55:51



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A finais de 2019, o Tribunal Supremo deu a razón á construtora FCC nunha demanda interposta por sobrecustos na construción do Museo da Cidade da Cultura, considerando que o proxecto do edificio tiña “erros”, “carecía da necesaria definición” e “non estaba suficientemente desenvolvido”. Os sobrecustos foron estimados en arredor de 2,5 millóns de euros, pero quedaban por concretar os xuros de demora que implicaran. O xulgado de primeira instancia de Santiago no que comezara o caso iniciou o proceso de execución de sentenza e a construtora formulou unha petición de xuros de 1.005.377,20 euros.

Ese cálculo foille trasladado polo xulgado á Xunta dándolle dez días para que contestase alegando o seu acordo ou desacordo. “Transcorrido con creces o prazo de dez días” sen resposta da Xunta, segundo confirmou posteriormente a Audiencia Provincial da Coruña, o xulgado ditou un decreto polo que aprobaba a liquidación de 1.005.377,20 euros en xuros. Nese momento a Xunta tentou sen éxito recorrer primeiro ante o xulgado e despois ante a Audiencia da Coruña esa resolución xudicial, alegando que a comunicación do xulgado para que formulase alegacións ao cálculo da empresa “chegou ao denominado Sistema de Seguimento de Preitos, pero non á conta de correo electrónico corporativo da letrada encargada nese momento do procedemento, que non recoñeceu a comunicación e a arquivou directamente como ‘spam’”. A Xunta acompañou para apoiar as súas alegacións un informe emitido polo xerente de Amtega. No seu recurso ante a Audiencia a Xunta argumentou que rexeitar a súa petición de volver ao momento procesual no que debía emitir a súa propia estimación dos xuros suporía “un grave dano ao erario”.

Nas contas anuais da Fundación Cidade da Cultura correspondentes a 2020 salientase como un dos principais feitos ocorridos en 2020 o decreto xudicial que fixaba os xuros en 1.005.377,20 euros, sinalando que a Xunta de Galicia interpuxera recurso de revisión contra o dito decreto e que “o impacto económico de non estimarse o recurso en defensa dos intereses da Fundación sería o seguinte: 293.659 euros” (sic).



Unha resolución da Audiencia provincial da Coruña ditada a principios de 2021 confirmou a decisión do xulgado de primeira instancia de fixar en 1.005.377,20 euros os xuros a pagar pola Xunta a FCC, contestándolle nela a Audiencia á Xunta en relación coa alegación do “grave dano ao erario” que implicaría non admitir o seu recurso, que “a defensa do erario público incumbe de modo especial á recorrente [a Xunta], que debe velar pola correcta recepción das comunicacións”. O propio tribunal apunta nesa resolución a posibilidade de configurar mellor os sistemas informáticos ou dar instrucións aos destinatarios das mensaxes para examinar a carpeta de *spam*. Mais concretamente, o auto da Audiencia Provincial da Coruña di literalmente o seguinte: “el error informático al que alude el letrado de la Xunta no es un acontecimiento imprevisible o inevitable. Si se configura una cuenta de correo corporativo con la posibilidad de recibir notificaciones que serán remitidas a la cuenta de “spam” es previsible que algunas notificaciones vayan a ser enviadas a esa carpeta. Está en manos de quien configura la cuenta corporativa suprimir la carpeta “spam” o introducir los filtros necesarios para que las comunicaciones de interés, en especial las de otras administraciones, no vayan a esa carpeta. O, de forma más simple, dar instrucciones a los titulares de las cuentas para que examinen los correos incluidos en la carpeta de “spam” (en castelán na resolución xudicial).

En xaneiro de 2022, unha resolución da Comisión da Transparencia dependente da Valedora do Pobo deixa constancia de incumprimentos da Lei de transparencia por parte da Xunta (en concreto da Amtega) na xestión da información solicitada en relación con este asunto –ao abeiro da propia lei transparencia- polo medio de comunicación (Praza.gal) que publicou as informacións sobre este asunto.

Así, segundo a resolución da comisión: “Pola Comisión da Transparencia solicitouse á Axencia a aportación do seu criterio mediante a remisión de informe e copia do expediente que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos”, engadindo que “a información solicitada debe considerarse que é información pública por se tratar dun documento elaborado pola Axencia no exercicio das súas funcións, polo que dada a falta de alegacións en contra por parte da administración, en beneficio do interese público, debe aportarse a información pedida”. Engade a resolución que, de non facelo, a Xunta debe argumentar as excepcións legais nas que se ampara.

A resolución conclúe instando a Amtega a responder á petición de información nun prazo máximo de 10 días hábiles e a enviarlle en 15 días á Comisión da Transparencia copia do envío desa información para poder supervisar que así o fixo.



En suma, segundo as alegacións da Xunta no proceso, causouse un prexuízo económico ao erario público por non contestar en prazo unha resolución xudicial para cuantificar os xuros, prexuízo que as contas da Fundación Cidade da Cultura cuantifican en 293.659 €. A única xustificación esgrimida pola Xunta é que a comunicación xudicial foi tratada, semella que automaticamente, como *spam*, algo incomprendible a non ser que o sistema informático da Xunta sexa completamente defectuoso.

Ademais desta incomprendible negligencia, a Xunta négase inxustificadamente a facilitar información en relación con este tema, vulnerando a lei de transparencia, segundo se pode deducir da resolución da Comisión de Transparencia de Galicia anteriormente citada e na medida en que non hai ningunha excepción na Lei de transparencia que poda dar cobertura á negativa a facilitar información sobre este tema.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como pode explicarse que a Xunta ou a Fundación Cidade da Cultura non contestasen ao calculo de xuros feito pola empresa FCC en relación coa súa demanda de reclamación de sobrecustos nas obras da Cidade da Cultura?

2ª) Causou esa falta de contestación un prexuízo ao erario público de 293.659 euros tal e como se deduce do recurso da Xunta e das contas da Fundación Cidade da Cultura?

3ª) Como é posible que comunicacións tan importantes como as procedentes dun xulgado sexan tratadas como *spam* no caso de ser certa esa alegación por parte da Administración galega?

4ª) Cal é o motivo de que a Xunta de Galicia oculte información en relación co que parece unha negligencia grave cun importante prexuízo ao erario público?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 02/02/2022 12:04:38

Paloma Castro Rey na data 02/02/2022 12:04:53



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Desgraciadamente ningún espazo está libre de violencias machistas. Nin sequera un servizo público tan esencial como o de saúde, ao que acudimos con confianza buscando axuda profesional cando nos atopamos nun estado de vulnerabilidade. As violencias machistas atentan contra a xustiza e a igualdade, sendo o abuso sexual unha das súas formas máis repugnantes. E se xa de por si é intolerable, cando se produce no eido do sector público adquire unha gravidade engadida á que non podemos permanecer alleas.

Recentemente soubemos que o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Padrón vén de incoar un procedemento para investigar os supostos abusos sexuais denunciados por dúas mulleres usuarias do centro de saúde desa localidade por parte dun médico de Atención Primaria no verán de 2020.

A raíz do inicio deste procedemento coñecemos que unha das dúas denunciadas presentara unha queixa formal na Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, da que nada soubo transcorrido xa un ano e medio. Polo que parece, a Inspección do Sergas finalmente si decidiu abrir un expediente sancionador que está en trámite.

Ademais, ao anunciarse o inicio deste expediente, outras tres mulleres manifestaron a súa vontade de testificar como testemuñas pos feitos semellantes aos denunciados acontecidos algúns anos atrás e que foran postos en coñecemento do Sergas no seu día. De feito, unha fíxoo no ano 2019 e outra recentemente, en 2021, pero sen novas acerca da súa resolución.

Sen pretender interferir nun proceso xudicial en marcha, ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle que xa existisen queixas sobre supostos abusos sexuais por parte deste médico no ano 2019, que supostamente continuaron ata datas moi recentes, sen que nada se fixese por parte do Sergas fronte a acusacións de tal gravidade.



Por iso, preguntamos:

1ª) Cando foi coñecedora a Inspección do Sergas dos supostos abusos sexuais contra varias pacientes por parte dun médico do centro de saúde de Padrón?

2ª) Tomou o Sergas de inmediato medidas para afastar a este facultativo da súa consulta mentres non se esclarecesen os feitos? En que ano se tomaron?

3ª) Cal foi a resposta do Sergas fronte á suposta primeira queixa de 2019?

4ª) A raíz de que denuncia ou reclamación abre o Sergas o expediente sancionador ao facultativo?

5ª) Cantas reclamacións, denuncias ou queixas se produciron no Sergas por parte de pacientes contra o facultativo denunciado? Como se resolveron?

6ª) Continúa exercendo a súa profesión este facultativo nalgún centro da rede pública de saúde? Cando e por que foi afastado do seu exercicio?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2022 16:36:22

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2022 16:36:38

Noelia Otero Lago na data 03/02/2022 16:36:49



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García, Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

As comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal levan véndose intensamente afectadas pola perda de tecido produtivo e un elevado desemprego desde a reconversión industrial dos anos 80. A perda de emprego foi da man da perda de poboación, que ronda as 25.000 persoas en Ferrol, sen parangón en cidades do seu tamaño nese tempo.

Antes da actual pandemia, a decisión adoptada pola empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, derivada do enorme incremento do custo dos dereitos de emisión no mercado europeo –decisión pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles-, xa implicaba un grave problema para a economía da zona, agravado polo peche de empresas como Poligal e os problemas de moitas outras como Galicia Téxtil pero a crise económica asociada aos efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais da zona e de toda Galicia, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego que se está a materializar xa na zona. Como exemplo, o anuncio de peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que se pretende deslocalizar a Portugal como fixeron centos de empresas de toda Galicia na última década.

A folga xeral celebrada o 10 de marzo é un exemplo da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial, agravada pola falta de carga de traballo de Navantia á espera do comezo da fabricación das fragatas F110, que vai implicar o maior investimento industrial da historia pero ten uns períodos de desenvolvemento que non palían a situación actual para a propia Navantia e a industria auxiliar. Lembremos que a situación do sector naval é extremadamente complicada por motivos completamente alleos a calquera goberno, sendo xa moi complicada antes da pandemia e despois da pandemia é aínda moito máis complicada pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, que fai que se reduzan drasticamente os pedidos, caendo a suma da contratación naval, incluíndo a militar e a civil, un 97 % en Europa, un 42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea. Por outra banda, cando



cambiou o Goberno do Estado en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa de disolución, coa particularidade de que sendo unha empresa de titularidade pública, ano tras ano o propio Estado inxectáballe capital, a razón de 200 millóns de euros por ano de media, e precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, 297 millóns de euros. En decembro de 2018, para actuar fronte a esta situación de quebra na que o anterior Goberno deixou a Navantia, o actual Goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022, de acordo cos representantes dos traballadores e co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. Pero iso non é suficiente na situación actual e todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia e o resto da economía da zona.

Cómpre lembrar que a política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte ao art. 30 do Estatuto de autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos. Os fondos *Next Generation* implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ao mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia exercer as súas competencias de política industrial e promoción económica para compensar o impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

2ª) Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia dentro das súas competencias de política industrial e política económica para compensar o impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

3ª) Cales foron os contactos establecidos pola Xunta de Galicia cos operadores económicos para enfocar a reactivación nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

4ª) Cantos dos 108 proxectos que a Xunta di que van optar aos fondos europeos *Next Generation* se van desenvolver nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

5ª) En que consisten concretamente os proxectos que ten previsto desenvolver a Xunta nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal dentro da súa política de reactivación?



6ª) Que empresas están dispostas a participar neses proxectos?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 12:40:36

Martín Seco García na data 03/02/2022 12:40:51

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2022 12:41:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/02/2022 12:41:23



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Galicia é a comunidade autónoma con máis superficie costeira de España, ademais de que a economía asociada ás nosas costas ten unha enorme importancia, igual que a conservación do noso litoral, que é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade colectiva.

A economía marítimo-alimentaria das nosas costas (marisqueo, acuicultura, conserva, etc) xera unha actividade produtiva dificilmente deslocalizable, intensiva en man de obra en boa medida feminina e na que temos unha vantaxe competitiva evidente, o cal outórgalle un carácter estratéxico que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI, sinaladamente no ámbito da Unión Europea. Así mesmo, o turismo vinculado ás nosas costas ten unha grande importancia que pode medrar no futuro, ademais de que as nosas costas son un patrimonio público que debe ser conservado para as xeracións futuras e subtraído da posibilidade de apropiación particular, sen perder de vista o especial impacto que pode ter o cambio climático nas nosas costas.

Galicia xa ten amplas competencias no ámbito costeiro, desde a promoción económica, a medioambiental, á ordenación do litoral, etc, e nese sentido, entendemos que dentro do reparto de competencias do Estado, ten sentido lóxico e xurídico que sexan exercidas pola Comunidade Autónoma as de xestión do dominio público marítimo terrestre, por razóns funcionais e de proximidade ao territorio e ás súas especificidades.

Os gobernos baixo a presidencia do Sr. Feijóo caracterizáronse polo completo abandono sobre as demandas competenciais para Galicia, sen que nos últimos 12 anos fose solicitada ningunha nova transferencia que supuxese a ampliación do autogoberno galego, nin se activou con este cometido a Comisión Mixta de Transferencias.

O caso que nos ocupa ben merece poñer fin a esa parálise, por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Está disposta a Xunta de Galicia a asumir as competencias de xestión do dominio público marítimo-terrestre como outras CC.AA e dada a importancia das nosas costas?

2ª) Vai a Xunta de Galicia a solicitarlle ao Estado as competencias de xestión do dominio público marítimo terrestre na mesma liña que outras CC.AA?

3ª) Considera a Xunta que a xestión do dominio público marítimo terrestre debe facerse desde criterios de sostibilidade medioambiental e considerando o seu interese público e colectivo, ademais do interese económico?

4ª) Ten a Xunta de Galicia prevista a elaboración dun plan integral para conciliar os valores medioambiental, económico, turístico e paisaxístico da nosa costa converténdoa en piar do noso desenvolvemento sostible, salvagardando o seu interese público e evitando o seu deterioro?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 18:00:30

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2022 18:00:47

Patricia Otero Rodríguez na data 03/02/2022 18:01:00



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O artigo 45.1 da Constitución establece que: “Todos tienen el derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo”. Como teñen longamente establecido a doutrina e a xurisprudencia, este artigo da carta magna configura un dereito-deber e un principio reitor da política económica e social que vincula á cidadanía pero moi especialmente aos poderes públicos, e no caso de Galicia singularmente á Xunta de Galicia como titular de importantes competencias en materia medioambiental, que a modo de síntese como di a exposición de motivos do Decreto 7/2019, de 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, poden resumirse así: “a Comunidade Autónoma de Galicia exerce competencias en materia de inspección ambiental no marco do disposto nos artigos 149.1.23ª y 148.1.9ª da Constitución e no artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, dando cumprimento á súa competencia exclusiva para ditar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe e na xestión en materia de protección do medio ambiente, respectando en todo caso a lexislación básica do Estado na materia”.

Recentemente, tivemos coñecementos do baleirado excesivo de determinados encoros da Confederación Hidrográfica Miño Sil. Estes embalses teñen concesións que datan da época franquista, anos 50 e 60, cando o medio ambiente non formaba parte das prioridades dunha ditadura de por si anacrónica.

O presidente da Xunta, en declaracións públicas efectuadas nos últimos días cualificou o acontecido como feitos “de enorme trascendencia ecológica que Galicia no se merece” engadindo que «no sé si es legal o no, pero es un disparate, es una irresponsabilidad manifiesta y es una falta de respeto impropia al Gobierno gallego y a los gallegos. No he visto una cosa así en los 12 años que llevo de presidente”. Tamén dixo que é «un acto de irresponsabilidad francamente impropio de ningún Gobierno, y menos de uno que presume de estar a favor de la ecología. Es un acto de irresponsabilidad sin paliativos»

Resultan sorprendentes tales afirmacións por parte do presidente da Administración autonómica galega cando dentro das amplas competencias medioambientais da Xunta de Galicia figura a protección dos ecosistemas



fluviais, non só dos da demarcación Galicia-Costa, senón tamén dos da demarcación Miño-Sil que estean radicados en Galicia, con independencia de que a xestión hidráulica corresponda a CHMS. De feito, a dita protección non está configurada como opcional, senón que resulta obrigatoria para a Xunta de Galicia, que non pode elixir protexer ou non protexer, senón que ten a obriga taxativa de protexer dentro do procedemento que establece a propia normativa por ela aprobada.

En concreto, o Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais establece no seu artigo 83, baixo o título de “Esgotamento de masas de auga” establece que:

1. Excepto en circunstancias excepcionais, sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou ao baleirado, total ou parcial, dunha una masa de auga na que exista poboación ictícola que se poida ver afectada pola redución ou desaparición da masa de auga, deberá comunicálo cunha antelación mínima dun mes ao órgano competente, que deberá notificalo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes para que esta estableza as medidas que se haberán de adoptar co obxecto de protexer á citada poboación. En todo caso, deberá practicarse a dita comunicación sempre que o volume de auga baleirado sexa maior que o 80 % do volume máximo da masa de auga.
2. As medidas citadas serán fixadas polo Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, que vixiará e coordinará a súa execución, e, despois da adopción das medidas previas, autorizará a anulación ou o baleirado coas condicións que garantan a protección e conservación da fauna acuática.
3. Os gastos derivados da toma de medidas necesarias para evitar mortalidade de peixes ou riscos para a riqueza piscícola correrán por conta do concesionario, que igualmente será responsable dos danos e perdas ocasionados”.

Por tanto, consonte ao apartado primeiro deste artigo, as concesionarias (neste caso Iberdrola) teñen a obriga de comunicar o descenso do nivel dos seus encoros por debaixo do 20 % á Xunta, cousa que efectivamente aconteceu, concretamente o 10 de xuño no caso do encoro de Cenza, o 12 de xullo no caso do encoro das Portas, mediante escritos remitidos ó servizo provincial de conservación da consellería de medio ambiente en Ourense.



Por outra banda, a vixente Lei de pesca de Galicia establece no seu artigo 73.1. ah) que constitúe infracción grave “Alterar de modo apreciable el nivel de las aguas o caudal del río, cuando pudieran derivarse daños para las especies piscícolas, salvo que la actuación resultase conforme y cumpliera las exigencias de la normativa en materia de aguas”.

E o artigo 83 desa mesma lei sinala en relación coas medidas provisionais asociadas o procedemento sancionador que “antes da iniciación do procedemento administrativo o órgano competente ... poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas”.

Finalmente, o artigo 33.c da Lei de protección ambiental da comunidade autónoma de Galicia sinala que constitúe infracción “A explotación indebida, o abuso ou a destrución dos recursos naturais, entendendo que a mesma se produce cando se realice contravindo os termos da autorización ou das normas que a regulan”. E o artigo 41 permite ao órgano ambiental (a Xunta de Galicia) a adopción de medidas cautelares incluíndo a suspensión da actividade, mentres que o artigo 29 encomenda a inspección ambiental no ámbito da Administración autonómica a unha “inspección ambiental única coordinada polo órgano da administración ambiental que regulamentariamente se determine”.

Sobre a base de todo o anterior, cando a competencia medioambiental en Galicia corresponde principalmente á Xunta de Galicia, cando hai normativa autonómica que establece obrigas moi claras de control, inspección e sanción e que, ademais, permite establecer medidas cautelares á Xunta de Galicia e cando a Xunta foi informada o 10 de xuño (máis de dous meses e medio antes das declaracións do presidente da Xunta que se transcriben) e o 12 de xullo (máis de mes e medio antes das mesmas declaracións), resulta dun cinismo insoportable que o Goberno de Galicia trate de derivar a súa responsabilidade cara ao Estado cando a súa obriga xenérica de protexer o medio ambiente de Galicia está ademais concretada no caso dos encoros (de todos os encoros situados en Galicia, non só dos da demarcación Galicia Costa) dun xeito taxativo.

Máis alá do cinismo, as palabras do presidente da Xunta apuntan a unha grave irresponsabilidade por non protexer o medio tendo constancia do que acontecía, o cal podería incluso caer dentro do ámbito da prevaricación por omisión, xa que o Goberno galego sabía o que acontecía, coñecía a súa obriga legal e non fixo absolutamente nada aparte de botar balóns fóra.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:



1ª) Por que a Xunta de Galicia non actuou adoptando as medidas preventivas oportunas e legalmente establecidas cando lle foi comunicado por Iberdrola nos meses de xuño e xullo que os encoros de Cenza e das Portas baixarían o seu nivel por debaixo do 20 % a pesar de ter a obriga legal de facelo?

2ª) Por que ocultou o Goberno galego que fora informado como marca a lei?

3ª) Houbo algún tipo de inspección por parte da Xunta respecto da situación deses encoros a partir das comunicacións por parte da concesionaria?

4ª) Vai a Xunta de Galicia a adoptar as medidas que permite a lexislación medioambiental galega para protexer os ecosistemas fluviais no caso dos encoros de Ourense que se atopan por debaixo do 20 % ?

5ª) En caso afirmativo, que medidas se van adoptar?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/02/2022 12:54:10

Martín Seco García na data 03/02/2022 12:54:36

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 17:48:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as denuncias presentadas por varias mulleres por abuso sexual por parte dun médico cando acudiron á súa consulta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecemos a través dos medios de comunicación da denuncia de varias mulleres por abuso sexual e ultraxe por parte dun médico no centro de saúde de Padrón.

Consideramos gravísimo que estas mulleres teñan presentado reclamacións diante do Sergas, tanto escritas como con chamada directa á Inspección Sanitaria, nos anos 2019, 2020, 2021 e que por parte d@s responsábeis sanitari@s non se teña actuado para protexer a estas mulleres, e a todas as que tiveran que acudir a consulta con este médico, neste ou noutros centros sanitarios onde estivera desenvolvendo a súa actividade. Que tiveran que acudir ao xulgado buscando o amparo que non lle prestou o Sergas.

É inaceptábel esta pasividade, encubrimento e ocultación, diante da gravidade dos feitos denunciados que supoñen abuso de poder, violencia de xénero nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa, unha muller, precisa atención sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son moitas as explicacións que ten que dar a Consellaría de Sanidade. Non hai ningunha xustificación de que non tivera actuado, para que deixaran a estas mulleres desprotexidas diante dunha actuación tan desprezábel, cando era coñecedora dos feitos desde hai dous anos. Ningunha xustificación a demora en realizar unha investigación e expediente unha vez presentadas as denuncias.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que opinión lle merece a demora da actuación do Sergas diante da denuncia realizada por varias mulleres por abuso sexual e ultraxe por parte dun médico cando acudiron á súa consulta?

. Por que non actuou, e deixou a estas mulleres desprotexidas diante dunha actuación tan desprezábel cando era coñecedora dos feitos desde hai dous anos?

. Cal é a situación laboral deste médico?

. Ten procedido á suspensión da actividade profesional deste médico denunciado por varias doentes por abusos sexuais?

. Ten realizado investigación e expediente disciplinario? De ser así en que data e cal é o resultado?

. Vai informar ao Parlamento Galego das accións realizadas polo Sergas desde a presentación de reclamacións e denuncias diante do Sergas polos abusos deste médico no centro de saúde de Padrón ou noutros centros sanitarios onde tivera traballado?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai elaborar un protocolo que garanta a actuación inmediata e a toma de medidas cautelares, diante da denuncias de abuso sexual, violencia de xénero, abuso de poder... coas mulleres doentes por parte de profesionais do Sergas na súa práctica profesional?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2022 18:17:04

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2022 18:17:14

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2022 18:17:24



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Co comezo do curso escolar estanse a producir distintas protestas reclamando máis persoal e recursos nos centros da comarca da Coruña, o que pon de manifesto as carencias actuais e o efecto acumulativo dos recortes levados a cabo na educación pública galega desde o ano 2009.

Así, as familias de alumnos do CEIP Ría do Burgo de Culleredo reuniron ata o día de hoxe máis de mil cen sinaturas para reclamarlle á Xunta máis docentes de educación especial, dado que a Xunta reduciu o persoal de apoio nese centro a pesar de que este curso se duplicou o número de alumnos con necesidades educativas especiais, o cal implica obviamente unha peor atención non só para eses alumnos senón tamén para o conxunto dos nenos e nenas.

Por iso, o Consello Escolar reclama que se lle asignen ao centro dous especialistas de Audición e Linguaxe, como tiñan ata o presente curso, no que se lles asignou soamente un. O Concello de Culleredo manifestou nos primeiros días de setembro a súa preocupación por este recorte. A dirección do centro considera que son necesarios dous profesionais para atender aos case 15 alumnos con necesidades especiais.

En segundo lugar, a comunidade educativa (pais, nais e profesorado) do instituto Rego da Trabe concentrouse hai escasos días para demandar melloras e critican a supresión de media praza de docente (e por tanto media xornada) de pedagogía terapéutica, o cal supón unha mingua para 17 nenos e nenas que necesitan un especial apoio, así como a supresión da reorganización horaria elaborada o ano pasado, a negativa a contratar un bedel para o edificio do instituto. Desde o concello de Culleredo sinalase neste caso que o incremento da ratio nas aulas, unido a un exceso de carga horaria do profesorado implica "un obstáculo insalvable no desenvolvemento de actividades e programas para mellorar a formación".

Tamén os pais e nais do CEIP Ramón de la Sagra da Coruña manifestáronse nos últimos días para solicitar que se complete o cadro de persoal docente do centro



dado que, a pesar de que no catálogo de profesorado do centro figuran 11 docentes, só hai 10 no curso que comeza.

Pola súa banda, a comunidade educativa do CEIP Sagrada Familia da Coruña denuncia que no centro falta un dos dous docentes a tempo completo especializados en educación musical que lles corresponde e desde a AMPA do centro manifestan “o seu desacordo co nomeamento por parte da Consellería de Educación dunha docente interina”, sobre todo “por carecer esta profesora da especialidade de educación musical”, incumprindo, segundo precisan, o Real decreto 1594/2011 do 4 de novembro polo que se establecen as especialidades do corpo de mestres que desempeñan as súas funcións nas etapas de educación infantil e primaria, segundo o cal “para impartir música, educación física e linguas estranxeiras requirirase ademais estar en posesión da especialidade correspondente”.

A resposta da Consellería en todos estes casos e inexistente ou insatisfactoria.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que a situación descrita nos catro centros educativos aos que se refire a exposición de motivos pon en evidencia unha carencia de persoal e recursos nos centros da comarca coruñesa?

2ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que a situación descrita nos catro centros educativos aos que se refire a exposición de motivos incide negativamente na prestación dunha educación pública de calidade?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 12:59:30

Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2022 12:59:46

Noelia Otero Lago na data 03/02/2022 17:49:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG aposta por transportes públicos e colectivos de calidade e, especialmente, polo transporte ferroviario porque é o modo de mobilidade do futuro e para iso ten que haber investimentos e os servizos axeitados.

Malia o papel relevante que ten que xogar o transporte ferroviario vemos como unha comarca, con tanto potencial como é O Salnés e Vilagarcía como cabeceira de comarca, vai xusto na dirección contraria, deterioro do servizo e perda de frecuencias, cando estamos nun contexto de loita contra o cambio climático que exige unha maior aposta polo servizo ferroviario público.

Recortes en todos os servizos ferroviarios redución drástica de cercanías, de frecuencias e a práctica inexistencia de longa distancia.

A estación de Vilagarcía non só dá servizo aos 38 mil habitantes deste concello, senón a toda unha zona de influencia de arredor de 150 mil persoas da comarca do Salnés, Caldas-Umia e incluso parte da Barbanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

